



Estimadas familias:

Como saberedes, a competencia TIC (Tecnoloxías da Información e Comunicación) é unha das competencias a adquirir polas vosas fillas e fillos durante a etapa da ESO, segundo recolle a lexislación educativa en vigor. Como parte desa competencia, as nosas alumnas e alumnos traballan nas aulas de informática do Instituto, realizando distintos tipos de tarefas, encomendadas polo profesorado das diferentes materias. Unha parte importante desa competencia é adquirir bos hábitos no emprego das novas tecnoloxías, aprendendo a usalas de forma responsable e tamén a sacarlles partido á hora de superar con éxito os seus estudos. Ademais, un bo coñecemento e emprego destas ferramentas seralles moi probablemente de moita utilidade no seu futuro laboral.

Para facilitar a todo o noso alumnado o acceso a estas tecnoloxías, e promover unha comunicación segura por internet tanto coas súas profesoras e profesores como coas súas compañeiras e compañeiros, o IES de Beade asinou un contrato para o uso da ferramenta Google Suite para Educación. Mediante esa ferramenta o alumnado do centro terá unha conta de correo electrónico segura, no dominio iesbeade.org, que poderá usar para enviar traballos ao profesorado, facer traballos compartidos, etc.

Esta conta de correo terá o formato nome\_alumno@iesbeade.org e estará activa mentres a/o usuaria/o sexa alumna/o do centro. Ademais, as contas son creadas e administradas dende o propio centro educativo, de feito que a navegación por internet que se faga con elas poderá sempre ser rastrexada.

Este servizo é totalmente gratuíto tanto para o centro educativo como para as familias. Ademais, cumpre coa normativa da Lei de Protección de Datos, segundo ditaminou a Axencia Española de Protección de Datos. En particular, a empresa non inclúe ningún tipo de anuncios nos servizos ofrecidos dentro desas contas, nin recolle datos das/os usuarias/os, polo que a navegación por internet vólvese máis anónima e segura.

Para poder crear esa conta para o alumnado menor de 14 anos se require a autorización dos seus titores legais. Para o resto do alumnado simplemente unha comunicación. Atentamente,

A dirección

Dona/Don \_\_\_\_\_ nai/pai/titor/a legal da  
alumna ou alumno (indicar nome completo e apelidos):

Matriculada/o no IES de Beade para o ano académico 20\_\_\_\_ / 20\_\_\_\_ no curso \_\_\_\_\_  
AUTORIZO A/ESTOU INFORMADO DA creación dunha conta de correo electrónico segura no  
dominio iesbeade.org para usos educativos durante a súa etapa escolar no IES de Beade.

Sinatura